
**Os concursantes,
polo feito de
concurrar, aceptan
as bases do
concurso. Calquera
incidencia non
prevista nestas
bases será resolta
polo xurado**

**O/A Gañador/a do
Concurso non se
poderá presentar
nas vindeiras 5
edicións**



Pode escanear este código ou
ben acceder directamente á
seguinte web para descargar a
ficha de inscrición:
www.padroadodecultura.es

VIII Concurso de Pintura, Cidade de Narón



Do 27 de outubro ao
26 novembro 2016

PAZO DA CULTURA

Entrega de premios: 23 de novembro ás 20:00 h



Padroado da Cultura
Concello de Narón

O Padroado da Cultura do Concello de Narón convoca o VIII Concurso de Pintura “Cidade de Narón”

- Haberá unha categoría: adultos, a partir dos 16 anos.
- A categoría infantil (ata 15 anos) será un certame fóra de concurso.
- A obra será orixinal, podéndose presentar unha obra por autor.
- Non se poderán presentar obras premiadas noutros certames.
- A temática será libre.
- A técnica e estilo serán libres.

Formato:

- Os cadros deberán estar enmarcados ou protexidos con listón e acondicionados para a súa exposición.
- As medidas do lenzo serán dun mínimo de 50 x 50 cm, non podendo superar como máximo 120 cm de lado
- As obras presentaranse sen sinatura, acompañadas dun sobre pechado onde constarán os seguintes datos:
 - Nome e apelidos do autor.
 - Enderezo, teléfono e correo electrónico.
 - Título do cadro, data de execución e técnica.
 - Fotocopia do DNI (por ambas as dúas caras) ou documento acreditativo.
- As obras presentadas serán seleccionadas por un xurado, pasarán á fase final do concurso e serán expostas. Farase entrega dun diploma acreditativo a todas as persoas seleccionadas para a fase final. Exporanse un máximo de 40 obras, podendo ser ampliado o número polo xurado.
- Ás obras serán depositadas no Pazo da Cultura de Narón, r/Holanda s/n, 15570 Narón, dende o día 27 de outubro ata o día 18 de novembro en horario de 9.00h a 14.00h e de 17.00 a 21.00h.

- A exposición das obras finalistas será dende o día 19 de novembro ao día 26 de novembro en horario de 09:00 a 14:00 e de 17:00 a 21:00h, todos os días; e ademais de 10:00 a 14:00h os sábados.
- A entrega de premios terá lugar o día 23 de novembro ás 20:00 h no Pazo da Cultura de Narón
- A retirada das obras farase entre os días 28 e 30 de novembro.
- O Padroado da Cultura do Concello de Narón porá o máximo interese no coidado das obras, non obstante non se responsabiliza dos danos ou do seu roubo.
- O xurado estará composto por tres profesionais de recoñecido prestixio nas artes plásticas e un/ha representante municipal que actuará como secretario/a. A composición do xurado darase a coñecer ao comezo da fase de selección.
- O ditame do xurado será inapelable.

Premios

- A obra gañadora do primeiro premio pasará a ser propiedade do Padroado da Cultura do Concello de Narón.
- O/a autor/a que resulte gañador/a do primeiro premio, terá dereito a unha exposición de 15 días da súa obra no Pazo da Cultura. As condicións e datas serán fixadas polo Padroado da Cultura.
- Os concursantes, polo feito de concursar, aceptan as bases do concurso.
- O xurado resérvase o dereito a declarar o premio deserto se considera que as obras presentadas non acadan o nivel requirido.
- A obra gañadora será base do cartel da seguinte edición do concurso.
- Calquera incidencia non prevista nestas bases será resolta polo xurado.

Categorías

Infantil /Xuvenil	
Todos os participantes	Detalle participativo
Adultos:	
Primeiro premio:	1.500 Euros
Segundo premio:	750 Euros
Terceiro premio:	400 Euros
Premio especial Francisco Criado (Incompatible con outros premios)	200 Euros
Os premios están sometidos ás retencións que marca a lei	